A DOAZÓN NA ESCOLA

Dentro do marco do modelo educativo actual, a Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia (ADOS) está a diseñar e implementar intervencións educativas dirixidas aos cidadáns máis novos que lles permita, dende o coñecemento preciso que rodea a doazón de órganos, tomar conciencia de esta realidade.
Un dos obxectivos primordiais na concienciación da doazón é o deseño de intervencións educativas dirixidas a mellorar a opinión da doazón e os transplantes entre a mocidade.

Dende o inicio do programa levamos a cabo aproximadamente 1 600 charlas en preto de 1 200 centros diferentes, contando con máis de 80 000 asistentes. Nestas charlas, impartidas por un coordinador de transplantes e unha persoa transplantada, falamos de modo sinxelo sobre o proceso da doazón, os tranplantes e as súas implicacións.

A formación dirixida a escolares permite dotar do coñecemento preciso na materia, a cidadáns que se atopan nunha idade, dende o punto de vista intelectual e social, moi receptiva, que lles permitirá tomar unha decisión propia ao respecto e que serán transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre doazón e transplante no seu ámbito de influencia social, académico e laboral.

Participa no noso programa educativo:

Se queres colaborar coa CAT desenvolvendo unha campaña educativa sobre a doazón e os transplantes na túa institución educativa, empresa ou colectivo, podes contactar con nos.

Coordinación Autonómica de Transplantes de Galicia (ADOS)

Teléfono: 881541828

Correo electrónico: cat.ados@sergas.gal

PROXECTO SALVAVIDAS

Primaria

Secundaria

PLAN PROXECTA

Que é o Plan Proxecta?

O Salvavidas no Plan Proxecta

CONCURSOS

Curtametraxes

Carteis